

SELFIE

[Víctor García León, 2017]

251

ESTREA EN NUMAX: 23.06.2017 | V.O. | +7

Selfie (2017, 89')

Dirección: Víctor García León

Guión: Víctor García León

Elenco: Santiago Alverú, Macarena Sanz, Javier Caramiñana, Alicia Rubio, Pepe Ocio

Son: David Mantecón

Montaxe: Buster Franco

Dirección de arte: Manuel Eslava Fajardo

Fotografía: Eva Díaz

Música: Christian Tosat

Produtoras: Apache Films, Gonita (España)

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.39:1

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Málaga 2017 (mención especial do xurado e premio da crítica), Alicante 2017 (mellor filme, guión, director e xurado da crítica)

FILMOGRAFÍA

Vete de mí, 2006

El elefante del rey, 2003 [curtametraxe]

Más pena que gloria, 2001

El gilipollas, 1996 [curtametraxe]

SINOPSE

Bosco é o fillo dun ministro imputado por corrupción, malversación de fondos públicos, blanqueo de capitais e varias decenas de delitos económicos. *Selfie* conta a súa historia desde que o expulsan do seu luxoso chalet na Moraleja até que entra a pedir traballo na sede de Podemos, coas súas angurias sentimentais e as súas miserias.

«A máis corrosiva, provocadora, estraña e familiar descrición do malos que somos e o mal que estamos. Un artefacto tan irresistible coma único»

Luis Martínez, EL MUNDO



«O humor é máis preciso ca un ensaio académico»

Nota do director

Como se retrata España? Quen capturou mellor a nosa esencia, os nosos costumes, os nosos momentos históricos? Berlanga, Buñuel, Almodóvar... E máis aló, Valle-Inclán, Gutiérrez Solana, Goya, Cervantes... Todos, cada un no seu, amosaron unha España grotesta, absurda, imposible, e porén a máis exacta. O que eu pretendo con este filme é precisamente iso: retratar ese intre da nosa historia, da nosa vida, das nosas rúas. O intre político e a crise económica, as turbulencias sociais e sentimentais... mais algo ten a realidade española que foxe ao retrato convencional, á análise clásica. Vivimos na esaxeración. Nunca me interesou a parodia... seguramente porque non é posíbel parodiar unha realidade tan mema, tan inconcebíbel. A ironía fica curta, a farsa resulta flácida por innecesaria, o sarcasmo tinguéu todo dun pesimismo que tampouco nos representa... ao final queda o esperpento. Despois de todo as máscaras agochan máis verdade cós retratos; o humor é máis preciso ca un ensaio académico. Por aquí nace a idea deste filme. Ou máis ben: por aquí nace o noso proxecto; porque o noso filme é Bosco. Un rapaz de clase alta, produto dunha contorna protectora e confortábel, que se ve exposto á intemperie económica. Un clixé, un esperpento con perrera e un xerseí aos ombreiros. Un personaxe absurdo. Mais, dalgún xeito, todo somos Bosco. Todos

somos nenos grandes aos que a crise nos tirou de cu contra o chan... Erguémonos metendo tripa e sorrindo, tentando aparentar certa dignidade, querendo tomarnos en serio a nós propios... mais o que temos en fronte, o que mellor nos retrata é un espello de feira.

Publicado en www.vertigofilms.es

«Estamos moi afeitos a que a xente nos faga cómplices de cousas absurdas»

Entrevista a Víctor García León

Por Alberto Medina

Selfie pode considerarse como un falso documental. Agora vivimos no medio dun formato de autoexposición. Que aínda que é relativamente novidoso no cinema, vivímolo en Facebook, Twitter, as televisións... estamos moi afeitos a que a xente nos faga cómplices de cousas realmente absurdas.

Como chega a idea de facer o filme e como xorde este reparto actoral?

A idea é contar unha caída da nosa confortábel cama pola crise económica. Collemos o clixé do personaxe máis acomodado e sacámoslle algo de punta. Unha vez tivemos o guión comezamos a buscar protagonista. Non era posíbel o filme sen ter un protagonista moi claro. Díxenllo á directora de cásting, Florencia Inés González, coa idea de que se non atopabamos ese personaxe non

rodabamos o filme. Comezou a pasar algunhas fotos de actores, mais eu pensei que era mellor non buscar actores para que tivese maior frescura. Preguntando e preguntando chegou até un mozo, fixemos a primeira proba e Santiago Alverú resultou ser o protagonista, foi un pequeno milagre.

Como foi o proceso de rodaxe? Foi como un experimento, sen moitas expectativas. Empregamos as eleccións como pano de fondo, a ver que saía. Pouco a pouco foi medrando até que se nos foi das mans. Houbo un intre da rodaxe na que Enrique López Lavigne, produtor de Apaches, viu unha premontaxe dalgúñas secuencias e comezamos a crer. Meteuse Vértigo como distribuidora e xa tiñamos un filme normal. Mais ao inicio todo era moi artesanal.

Interésache o formato do reality show? A min interésame sobre todo polo que afecta aos personaxes que o fan. Que a cámara sexa un personaxe máis ilustra unha maneira de relacionarse co mundo. Cando miras a cámara e queres facela cómplice das túas miserias, xéranse cousas que na ficción non suceden. A cámara é un elemento narrativo máis e iso interésame.

Como animamos á xente a que vexa o filme? Se eu o soubese estaría a traballar para Coca Cola. Fixemos unha comedia chea de sacasmo, o meu oficio é facer películas que gusten, mais xa pertence ao mundo publicitario que a xente vaia.

Publicado en www.culturamas.es/
Traducións: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

